



X EDICIÓN VACACIONES CON TRABALLO 2015

Programa de voluntariado internacional para as traballadoras e traballadores da administración local galega

O programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade cumpre 10 anos e durante o 2015 servirá de fío condutor ao Plan anual de actividades da entidade en Galicia. Por tal motivo, **este ano aumentamos as prazas dispoñibles a sete. As estadias, dun mes de duración, realizaranse en Cabo Verde, Nicaragua e Honduras.**

Os intercambios de coñecemento, o *know how* dos municipios, son unha das ferramentas máis potentes e específicas do municipalismo que coopera ao longo do planeta e que apoia procesos de descentralización política e administrativa, tanto para aumentar a produtividade das accións de cooperación coma os vínculos de amizade e coñecemento entre países e concellos.

Ata hoxe viaxaron ao Sur para cooperar por medio de Vacacións con Traballo 30 persoas, 21 mulleres e 9 homes. Desprazáronse aos proxectos onde o Fondo ten presenza estratéxica, incorporándose a grupos de traballo que, pese a brevidade da estancia, sempre deixan fluxos de coñecemento compartido, ideas e contactos enredados en algo máis ca unhas vacacións solidarias.

1. QUE SON AS VACACIONES CON TRABALLO?

Vacacións con Traballo é un programa de sensibilización dirixido ás/aos traballadoras/es da administración local galega, como banco de recursos humanos heteroxéneo, con experiencia e de calidade.

As/os participantes son seleccionadas/os tras un proceso de observación dos seus CV e cartas de motivación, de maneira vinculada ao perfil profesional que os nosos parceiros do Sur nos solicitan. As estancias duran un mes.

As/os traballadoras/es seleccionadas/os invisten o seu mes de vacacións en terreo apoiando tecnicamente aos parceiros do Fondo Galego, e de aí o nome do programa, no que o Fondo paga a viaxe das/os participantes e os nosos socios locais os aloxamentos e as mantencións. Entendémolo coma un programa de dobre dirección onde ambas as dúas partes aprenden, e onde a implicación das/os candidatas/os é imprescindible.

2. A QUEN VAI DIRIXIDO?

PODERÁ PARTICIPAR TODA PERSOA VINCULADA Á ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA. Como única condición imprescindible establécese que o Concello ou a Deputación pertenza ao Fondo Galego.

As persoas candidatas deberán ser traballadoras/es en activo, e deberán acompañar a súa candidatura dunha carta de apoio/consentemento da/do representante política/o do Fondo Galego na súa entidade.

Na consideración final das propostas presentadas, ademais da adecuación ao perfil requerido, valorarase positivamente a vinculación co mundo da cooperación, participar na Rede Municipalista Solidaria como técnica/o e máis o coñecemento do medio e país de destino.

3. QUEN SON OS PARCEIROS E QUE PERFIL SOLICITAN?

CABO VERDE

- **Cámara Municipal de Ribeira Grande**

Perfil prioritario: 1 arquitecta/o e 1 técnica/o de xestión financeira.

Outros perfís de interese: técnicas/os administrativos, de igualdade, de promoción económica, axentes de desenvolvemento local.

- **Cámara Municipal de Santa Cruz**

Perfil prioritario: 1 técnica/o de medioambiente e 1 técnico/a de comunicación.

Outros perfís de interese: técnicas/os de promoción económica, axentes de desenvolvemento local.

NICARAGUA

- **Instituto de Promoción Humana-Somoto (INPRHU)**

Perfil prioritario: 2 técnicas/os de turismo.

Outros perfís de interese: técnicas/os de cultura, animación sociocultural, xuventude e comunicación.

HONDURAS

- **Enxeñería sen Fronteiras Galicia / Mancomunidad dos municipios costeiros do Golfo de Fonseca (NASMAR) e Asociación Hondureña de Juntas de Agua (AHJASA)**

Perfil prioritario: 1 técnica/o especializada/o en auga e saneamento e/ou calidade da auga.

Outros perfís de interese: 1 técnica/o de turismo.

Os perfís presentados son os desexables como prioridade e de interese, mais en función da participación poden non ser eliminatorios, xa que en ocasións non aparecen candidatas/os con estes perfís.

Por este motivo, recoméndase que aquelas persoas que desexen participar de Vacacións con Traballo, non deixen de facelo por non posuír o perfil prioritario ou de interese da praza ofertada.

4. CANDO PRESENTAR AS SOLICITUDES? E A SELECCIÓN?

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 24 de marzo ao 12 de maio. A resolución da convocatoria farase pública antes do 27 de maio por parte da Comisión Executiva do Fondo Galego tras unha primeira avaliación da Secretaría (Igadi). Ao respecto da praza de Honduras, Enxeñería sen Fronteiras Galicia será a entidade encargada da selección en colaboración co Fondo Galego.

A solicitude debe:

- ser remitida por correo electrónico a comunicacion@fondogalego.org
- cun CV,
- unha carta de motivación persoal
- e unha carta de apoio/consentimento á súa candidatura da/do representante política/o do Fondo Galego na súa entidade.

As/os candidatas/os poderán ser chamadas/os a unha entrevista persoal.

5. QUE SE BUSCA?

- Un intercambio de coñecementos entre profesionais galegas/os e os parceiros do Fondo Galego nos países onde colaboramos.
- Un achegamento entre os axentes do poder local galego e os nosos socios no Sur, que poida servir de apoio a presentes e futuros proxectos de colaboración.
- Un maior e mellor coñecemento da realidade dos países onde actuamos: a súa situación, as súas dificultades, pero tamén as súas virtudes e potencialidades.
- Un apoio aos nosos parceiros, facilitando respostas técnicas ás súas necesidades.
- Unha activación de fórmulas que permitan dinamizar a cooperación desde os municipios e que consolide estruturas democráticas promotoras do desenvolvemento.
- Unha maior implicación, por parte dos organismos públicos, en actividades que estimulen o compromiso solidario, a través da divulgación das experiencias das persoas participantes no programa.

6. CANDO SE REALIZA A ESTANCIA?

No último cuadrimestre do ano, entre setembro e decembro en función da dispoñibilidade dos nosos socios e das propias persoas participantes.

7. COMO É A VIAXE?

O programa divídese en tres etapas: antes, durante e despois da viaxe.

- **Antes:** As persoas seleccionadas participarán nunha xornada de formación, organizada polo Fondo Galego, e no caso da praza en Honduras en colaboración con Enxeñería sen Fronteiras Galicia.
- **Durante:** Seguirase a programación establecida polo parceiro. En terreo deberán, na medida das posibilidades, configurar un blog da súa experiencia.
- **Despois:** Ao seu regreso, as persoas que participan deste proxecto deberán elaborar unha memoria da actividade no mes posterior a súa chegada. As/os participantes poderán dar a coñecer as súas vivencias en actividades de sensibilización en Galicia e, especificamente, respondendo á prensa para divulgar a súa experiencia e o traballo do Fondo Galego.

PODES COÑECER MÁIS DAS VACACIÓNS CON TRABALLO VISITANDO

- http://www.fondogalego.org/web/vacacions_con_traballo
- <https://vacacionscontraballo.wordpress.com>

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
Secretaría técnica (Igadi)
Avda. Joselín 7, portal 3 - 4 B
36300 Baiona (Pontevedra)
- Teléfono/Fax: 986 357 238
- www.fondogalego.org



XUNTA
DE GALICIA